

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN GALEGA PARA A ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN DOS TRASTORNOS DA PERSONALIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS ENFERMOS E FAMILIARES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou con esta asociación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31/12/2018.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da Asociación cos seguintes obxectivos:

- Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coa asociación.
- Adestramento dos profesionais no desenvolvemento dos programas acordados.
- Programas de formación e apoio dos familiares.
- Desenvolvemento de programas psicoeducativos para pacientes.
- Difusión social dos trastornos de personalidade que eviten a estigmatización destes doentes.
- Mellorar o coñecemento sobre os aspectos clínico asistenciais e necesidades das persoas con

trastornos de personalidade no ámbito da saúde e educativo, participando nas actividades formativas incluídas nos planes anuais de formación do servizo galego de saúde.

No desenvolvemento da súa actividade se colaborará cos servizos de saúde, e en especial os servizos de atención ao trastorno mental, para coordinar de xeito eficaz todas as actuacións realizadas. Os usuarios dos seus servizos serán informados de xeito personalizado de todos os recursos propios e alleos que contén con programas de tratamento individualizado que atenda as súas circunstancias clínicas e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades..

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- a Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos de Personalidade ten como obxectivos básicos facilitar axuda ás familias que teñen este problema, procurar un maior coñecemento por parte da sociedade sobre estes trastornos, e incidir ante as administracións para que se faciliten os centros asistenciais con persoal especializado para este problema de saúde, e favorezan posibilidades de integración social. Ademais dita asociación conta cos recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades recollidas neste convenio.

- ámbalas dúas partes teñen finalidades coincidentes e, por iso, consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas aos efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares, promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde, e a través do desenvolvemento de programas psicoeducativos específicos..



5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

